



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

BORRADOR ACTA

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALON DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO, XOVES 28 DE DECEMBRO DE 2017 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

MARIA JESUS NOVO GOMEZ

ASISTEN:

PSOE:

ANA LEDO FERNANDEZ

SANDRA SANCHEZ IÑIGUEZ

ABELARDO SEOANE VAZQUEZ

BNG:

RAQUEL VAL VAZQUEZ

XOSE LUIS RIVAS CRUZ

PP:

LUIS RICO VEREA

ELISARDO MONTERO CASTRO

JESUS ANGEL COSTOYA RUA

ROGELIO SUEIRO CARRO

Non Adscrito

JOSE BALADO CASAL

AUSENCIAS: Non

SECRETARIA - INTERVENTORA:

REBECA VAZQUEZ VAZQUEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA.

Non repartidas actas de sesións anteriores para a súa aprobación pasa a Alcaldesa o seguinte punto da orde do día.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

2.- PROPOSTA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DO SERVICIO DO PUNTO DE ATENCIÓN A INFANCIA NO CONCELLO DE BOIMORTO

Pola Secretaria dase lectura á proposta relacionada con este punto da orde do día tal e como segue:

“ Informada pola Secretaría Interventora que a efectos de mellora na eficacia e eficiencia da Tesourería municipal sería mellor unha modificación do acordo regulador desta taxa modificando o artigo 7 da ordenanza fiscal n.º 17 tal e como segue:

ARTIGO 7.- Retribución e período impositivo ;

A taxa retribuirase cando se inicie a prestación do servizo. O período impositivo coincide co ano escolar prorrateado por meses. Unha vez iniciada a prestación do servizo , procederase á inclusión da persoa beneficiaria no padrón da taxa polos servizos do PAI. O pagamento da contía que lle corresponda aboar a cada usuario/a farase efectivo por meses naturais nas entidades bancarias colaboradoras que sinale polo Concello e / ou indicadas para domiciliación. Serán realizadas notificacións colectivas das sucesivas liquidacións (segundo artigo 102.3 da Lei xeral tributaria 58/2003 de 17 de decembro) por padróns mensuais que serán expostos ao público no prazo de quince días hábiles a contar dende a publicación no BOP para que os interesados podan presentar as reclamacións que consideren convenientes, sendo o prazo de cobro en período voluntario de dous meses contados dende o día seguinte ao de finalización da exposición pública e transcrrido este procederase a esixir os xuros de mora e as recargas que procedan segundo os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e se fora o caso as costas derivadas do procedemento de prema. Os recibos que figuran domiciliados, envíanse ás respectivas entidades para o seu cargo nas constas designadas polos /as contribuíntes.

A negativa ó pago polos servizos prestados permitirá ó Concello resolver o contrato de admisión do usuario/a , reservándose os dereitos a exercer acción legais que correspondan, tendentes ó total resarcimento do que lle é debido. Polo que propono visto o expediente de modificación desta ordenanza que o Pleno municipal ACORDE:

PRIMEIRO.- Modificar o artigo 7 da ordenanza fiscal n.º 17 da taxa polos servizos do PAI para que quede redactado como segue:

ARTIGO 7.- Retribución e período impositivo ;

A taxa retribuirase cando se inicie a prestación do servizo. O período impositivo coincide co ano escolar prorrateado por meses. Unha vez iniciada a prestación do servizo , procederase á inclusión da persoa beneficiaria no padrón da taxa polos servizos do PAI. O pagamento da contía que lle corresponda aboar a cada usuario/a farase efectivo por meses naturais nas entidades bancarias colaboradoras que sinale polo Concello e / ou indicadas para domiciliación. Serán realizadas notificacións colectivas das sucesivas liquidacións (segundo artigo 102.3 da Lei xeral tributaria 58/2003 de 17 de decembro) por padróns mensuais que serán expostos ao público no prazo de quince días hábiles a contar dende a publicación no BOP para que os interesados podan presentar as reclamacións que consideren convenientes, sendo o prazo de cobro en período voluntario de dous meses contados dende o día seguinte ao de finalización da exposición pública e transcrrido este procederase a esixir os xuros de mora e as recargas que procedan segundo os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e se fora o caso as costas derivadas do procedemento de prema. Os recibos que figuran domiciliados, envíanse ás respectivas entidades para o seu cargo nas constas designadas polos /as contribuíntes.

A negativa ó pago polos servizos prestados permitirá ó Concello resolver o contrato de admisión do usuario/a , reservándose os dereitos a exercer acción legais que correspondan, tendentes ó total resarcimento do que lle é debido.

SEGUNDO .- Continua-la tramitación do expediente, remitindo Edito ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 17 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais Real Decreto legislativo 2/2004 , se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edito no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO .- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO - Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considérase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 17 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo.

Boimorto decembro de 2017

A Alcaldesa:

Asdo.- M.^a Jesús Novo Gómez “

Debate:

Sen máis intervencións a Alcaldesa somete á proposta a votación e o Pleno municipal por unanimidade con 11 votos a favor **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Modificar o artigo 7 da ordenanza fiscal n.º 17 da taxa polos servizos do PAI para que quede redactado como segue:

ARTIGO 7.- Retribución e periodo impositivo ;

A taxa retribuirase cando se inicie a prestación do servizo. O periodo impositivo coincide co ano escolar prorrateado por meses. Unha vez iniciada a prestación do servizo , procederase á inclusión da persoa beneficiaria no padrón da taxa polos servizos do PAI. O pagamento da contía que lle corresponda aboar a cada usuario/a farase efectivo por meses naturais nas entidades bancarias colaboradoras que sinale polo Concello e / ou indicadas para domiciliación.

Serán realizadas notificacións colectivas das sucesivas liquidacións (segundo artigo 102.3 da Lei xeral tributaria 58/2003 de 17 de decembro) por padróns mensuais que serán expostos ao público no prazo de quince días hábiles a contar dende a publicación no BOP para que os interesados podan presentar as reclamacións que consideren convenientes, sendo o prazo de cobro en período voluntario de dous meses contados dende o día seguinte ao de finalización da exposición pública e transcorrido este procederase a esixir os xuros de mora e as recargas que procedan segundo os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e se fora o caso as costas derivadas do procedemento de prema. Os recibos que figuran domiciliados, envíanse ás respectivas entidades para o seu cargo nas constas designadas polos /as contribuíntes.

A negativa ó pago polos servizos prestados permitirá ó Concello resolver o contrato de admisión do usuario/a , reservándose os dereitos a exercitar acción legais que correspondan, tendentes ó total resarcimento do que lle é debido.

SEGUNDO .- Continua-la tramitación do expediente, remitindo Edito ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 17 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais Real Decreto legislativo 2/2004 , se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edito no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO .- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO - Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considérase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 17 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

3.- PROPOSTA MODIFICACIÓN ORDENANZA n.º 12 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO AXUDA NO FOGAR.

Pola Secretaria dase lectura á proposta relacionada con este punto da orde do día tal e como segue:

“Informada pola Secretaría Interventora que a efectos de mellora na eficacia e eficiencia da Tesourería municipal sería mellor unha modificación do acordo regulador do prezo público polo servizo de axuda a domicilio ordenanza n.º 12 modificando o artigo 8 de OBRIGA DE PAGAMENTO tal e como segue:

ARTIGO 8.- OBRIGA DE PAGAMENTO ;

O prezo público retribuirase cando se inicie a prestación do servizo. Unha vez iniciada a prestación do servizo , procederase á inclusión da persoa beneficiaria en padrón polos servizos de axuda no fogar. O pagamento da contía que lle corresponda aboar a cada usuario/a farase efectivo por meses naturais nas entidades bancarias colaboradoras que sinale polo Concello e / ou indicadas para domiciliación.

Serán realizadas notificacións colectivas das sucesivas liquidacións (segundo artigo 102.3 da Lei xeral tributaria 58/2003 de 17 de decembro) por padróns mensuais que serán expostos ao público no prazo de quince días hábiles a contar dende a publicación no BOP para que os interesados podan presentar as reclamacións que consideren convenientes, sendo o prazo de cobro en período voluntario de dous meses contados dende o día seguinte ao de finalización da exposición pública e transcorrido este procederase a esixir os xuros de mora e as recargas que procedan segundo os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e se fora o caso as costas derivadas do procedemento de prema. Os recibos que figuran domiciliados, envíanse ás respectivas entidades para o seu cargo nas constas designadas polos /as contribuíntes.

A negativa ó pago polos servizos prestados permitirá ó Concello resolver o contrato do usuario/a , reservándose os dereitos a exercitar acción legais que correspondan, tendentes ó total resarcimento do que lle é debido.

Polo que propono visto o expediente de modificación desta ordenanza de prezo público que o Pleno municipal ACORDE:

PRIMEIRO.- Modificar o artigo 8 da ordenanza fiscal n.º 12 do prezo público polos servizos de axuda no fogar para que quede redactado como segue:

ARTIGO 8.- OBRIGA DE PAGAMENTO ;

O prezo público retribuirase cando se inicie a prestación do servizo. Unha vez iniciada a prestación do servizo , procederase á inclusión da persoa beneficiaria en padrón polos servizos de axuda no fogar. O pagamento da contía que lle corresponda aboar a cada usuario/a farase efectivo por meses naturais nas entidades bancarias colaboradoras que sinale polo Concello e / ou indicadas para domiciliación.

Serán realizadas notificacións colectivas das sucesivas liquidacións (segundo artigo 102.3 da Lei xeral tributaria 58/2003 de 17 de decembro) por padróns mensuais que serán expostos ao público no prazo de quince días hábiles a contar dende a publicación no BOP para que os interesados podan presentar as reclamacións que consideren convenientes, sendo o prazo de cobro en período voluntario de dous meses contados dende o día seguinte ao de finalización da exposición pública e transcorrido este procederase a esixir os xuros de mora e as recargas que procedan segundo os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e se fora o caso as costas derivadas do procedemento de prema. Os recibos que figuran domiciliados, envíanse ás respectivas entidades para o seu cargo nas constas designadas polos /as contribuíntes.

A negativa ó pago polos servizos prestados permitirá ó Concello resolver o contrato do usuario/a , reservándose os dereitos a exercitar acción legais que correspondan, tendentes ó total resarcimento do que lle é debido.

SEGUNDO .- Continua-la tramitación do expediente, remitindo Edito ó Boletín Oficial da Provincia para a súa entrada en vigor coa publicación íntegra da modificación acordada.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Boimorto decembro de 2017

A Alcaldesa:

Asdo.- M.^a Jesús Novo Gómez “

Debate:

Sen máis intervencións a Alcaldesa somete á proposta a votación e o Pleno municipal por unanimidade con 11 votos a favor **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Modificar o artigo 8 da ordenanza fiscal n.º 12 do prezo público polos servizos de axuda no fogar para que quede redactado como segue:

ARTIGO 8.- OBRIGA DE PAGAMENTO ;

O prezo público retribuirase cando se inicie a prestación do servizo. Unha vez iniciada a prestación do servizo , procederase á inclusión da persoa beneficiaria en padrón polos servizos de axuda no fogar. O pagamento da contía que lle corresponda aboar a cada usuario/a farase efectivo por meses naturais nas entidades bancarias colaboradoras que sinale polo Concello e / ou indicadas para domiciliación.

Serán realizadas notificacións colectivas das sucesivas liquidacións (segundo artigo 102.3 da Lei xeral tributaria 58/2003 de 17 de decembro) por padróns mensuais que serán expostos ao público no prazo de quince días hábiles a contar dende a publicación no BOP para que os interesados podan presentar as reclamacións que consideren convenientes, sendo o prazo de cobro en período voluntario de dous meses contados dende o día seguinte ao de finalización da exposición pública e transcorrido este procederase a esixir os xuros de mora e as recargas que procedan segundo os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e se fora o caso as costas derivadas do procedemento de prema. Os recibos que figuran domiciliados, envíanse ás respectivas entidades para o seu cargo nas constas designadas polos /as contribuíntes.

A negativa ó pago polos servizos prestados permitirá ó Concello resolver o contrato do usuario/a , reservándose os dereitos a exercitar acción legais que correspondan, tendentes ó total resarcimento do que lle é debido.

SEGUNDO .- Continua-la tramitación do expediente, remitindo Edito ó Boletín Oficial da Provincia para a súa entrada en vigor coa publicación integra da modificación acordada.

4.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS

4.1 DECRETOS

De conformidade co disposto no artigo 42 do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais , dase conta aos concelleiros das Resolucións da Alcaldía Presidencia ditadas entre os días 23/10/2017 e 19/12/2017 números 435 a 520.

4.2 MOCIÓNS DE URXENCIA

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día , e antes de pasar a rogos e preguntas a Alcaldesa pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno , por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida en rogos e preguntas.

Manifesta a propia Alcaldesa en representación do grupo municipal do PP que desexa expor dúas mocións

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Moción:

4.2.1.- MOCIÓN URXENTE PLENO MUNICIPAL DECEMBRO 2017 RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

Pola Secretaría dase lectura á primeira moción segundo texto aportado pola Alcaldía tal e como segue :

“Finalizando o exercicio 2017 constan na Intervención Municipal obrigas de pago a concelleiros por asistencias a sesións de Plenos e Xuntas de goberno local do ano 2016 motivadas en falta de aprobación de actas ata o exercicio seguinte 2017 resultando imposible a súa imputación presupostaria ao exercicio de orixe, polo que para proceder á súa aprobación deberá procederse ó seu recoñecemento extrajudicial de créditos.

Logo de ver o informe de reparo da Intervención municipal de data de hoxe 28/12/2017 no que se identifican importes e sesións pendentes de 2016. Visto o artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril que outorga competencia ó pleno municipal para o recoñecemento extrajudicial de créditos cando non exista dotación orzamentaria. Considerando a urxencia de pago de ditas sesións a concelleiros sen adición exclusiva nin parcial pola asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados. Polo presente propono que o pleno municipal acepte por maioría o tratamento desta moción e adopte o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Levantar reparo da secretaria intervención de data 28/12/2017 en relación cós gastos indicados nos considerandos deste acordo identificados no expediente e informe de intervención.

SEGUNDO.- Aprobar o recoñecemento extrajudicial destes gastos autorizando comprometendo e aprobando o gasto de asistencias aos Plenos de 29/09, 27/10 30/11 e 29/12 de 2016 así como asistencias as sesións da Xunta de goberno local de 27/10;24/11; e 29/12 do ano 2016 , sendo o importe de cada asistencia de 60€.”

Aceptada por unanimidade con 11 votos a favor á urxencia e tratamento da votación sométese a votación e con 11 votos a favor de tódolos concelleiros da Corporación o Pleno municipal
ACORDOU:

PRIMEIRO.- Levantar reparo da secretaria intervención de data 28/12/2017 en relación cós gastos indicados nos considerandos deste acordo identificados no expediente e informe de intervención.

SEGUNDO.- Aprobar o recoñecemento extrajudicial destes gastos autorizando compromiso e aprobando o gasto de asistencias aos Plenos de 29/09, 27/10 30/11 e 29/12 de 2016 así como asistencias as sesións da Xunta de goberno local de 27/10;24/11; e 29/12 do ano 2016 , sendo o importe de cada asistencia de 60€”

4.2.2.- MOCIÓN URXENTE PLENO MUNICIPAL DECEMBRO 2017

Pola Secretaría dase lectura á segunda moción segundo texto aportado pola Alcaldía tal e como segue:

“ Finalizando o exercicio 2017 consta reparo suspensivo de Secretaría Intervención de data 29/09/2017 en relación o inicio de contratación da obra ; Acondicionamento do centro de envellecemento activo de Arceo ; por iniciar a contratación con crédito xerado por 46.906,42€ sen que a totalidade do crédito (55.555,00€) constase en partida por estar en tramitación modificación orzamentaria para a aportación municipal do ive de dita obra cuxo orzamento total ascende a 55.555,00€.

Visto que xa está en vigor a modificación orzamentaria suplemento de crédito 1/2017 aprobado inicialmente polo Pleno en data 28/09/2017.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Considerando a urxencia de levantamento de reparo suspensivo antes da finalización do exercicio orzamentario .

Polo presente propoño que o pleno municipal acepte por maioría o tratamento desta moción e adopte o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Levantar reparo suspensivo indicado nos considerandos deste acordo por estar aprobado xa definitivamente o suplemento de crédito 1/2017.

SEGUNDO.- Certificación deste acordo conste no expediente e dese conta os servizos administrativos e de intervención os efectos oportunos.”

Signala a Alcaldesa a necesidade da aportación do ive polo Concello e como xa está en vigor a modificación que permitiu dita aportación municipal.

Aceptada por unanimidade con 11 votos a favor á urxencia e tratamento da votación sométese a votación e con 11 votos a favor de tódolos concelleiros da Corporación o Pleno municipal
ACORDOU:

PRIMEIRO.- Levantar reparo suspensivo indicado nos considerandos deste acordo por estar aprobado xa definitivamente o suplemento de crédito 1/2017.

SEGUNDO.- Certificación deste acordo conste no expediente e dese conta os servizos administrativos e de intervención os efectos oportunos.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

A Alcaldesa dalle a palabra ó concelleiro do BNG D. Xosé Luis Rivas Cruz que expón:

1.- En relación á contestación recibida por escrito a preguntas sobre o reparto de entradas do Festival de la Luz 2017 400 entradas que se trata dunha prestación con valoración entre 4.000 e 5000€ e roga que non se repartan así por Alcaldía .

A Alcaldesa di que seguiu a actuación doutros alcaldes en edicións anteriores do Festival.

O concelleiro sinala que en democracia aplícase a lei non a costume. Debaten sobre o tema do reparto de ditas entradas que sinala a Alcaldesa son dadas gratuitamente pola organización do Festival.

2.- Pregunta tamén en relación ó contestado por Alcaldesa en escrito sobre cantos días e cantas horas do persoal do Concello se adicaron ó Festival, que se aclaren que pode sabelo tamén por fiscalía e no xulgado.

Resposta a Alcaldesa que en horario laboral foron dende o 18/08/2017.

3.- D. Xosé Luis Rivas pregunta cantos paraguas se compraron e repartiron entre os veciños e cal foi o seu custe e con cargo a que partida. Critica o reparto de paraguas con traballadores do Concello.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Resposta a Alcaldesa que foi un regalo de Navidad para todos os veciños.

Critica o concelleiro a comida dos vellos, o reparto de entradas do festival e os regalos de paraguas con diñeiro público.

Resposta a Alcaldesa que as entradas non foron pagadas con diñeiro público .

4.- Pregunta o concelleiro se as entradas tamén se repartiron a membros do equipo de goberno.

Resposta o primeiro tenente de Alcalde D. Luis Rico que sí.

O concelleiro di que son malas formas en democracia.

5.- Critica o concelleiro á Alcaldesa sinalando que non e certo que na Residencia se dese auga embotellada e pregunta polo tema.

Resposta a Alcaldesa que e certo e que pediu analítica cando a auga viña turbia.

6.- Pregunta o concelleiro a causa de volver a intentar aprobar a RPT .

Resposta a Alcaldesa que o sindicato foi a pedir dita tramitación .

O concelleiro reprocha que a Alcaldesa utilizase ameazas a quen se opuña a dita RPT coaccións con algúns traballadores poñendo un papel en branco para que pedisen o que querían a cambio de apoiar a aprobación de dito instrumento.

A Alcaldesa nega dita afirmación rotundamente e sinala que se fan afirmacións non certas .

O concelleiro remata sinalando que a maior parte dos traballadores non están a favor de dita RPT.

7.- Roga o concelleiro que se atenda a información que debe darse en relación coa xestión de lodos de depuradoras , di que hai un incumprimento reiterado do acordado.

8.- Pregunta o concelleiro se a empresa Zircozine pagou os empregados do concello e se e certo que dixo que non pagaban mentres non se pagase polo Concello subvención , o que di e unha chantaxe.

Resposta a Alcaldesa que e certo que non pagaron e dita afirmación.

9.- Roga o concelleiro que se mire o Plan básico autonómico que hai 2 meses para facer alegacións .

10.- Pregunta o concelleiro que a quen se lle pagaron gratificacións por 300€.

Resposta a Alcaldesa que ten dita información nos decretos.

11.- Roga ver analíticas augas paramétros que se pediron nas analíticas di que a auga do río non

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

pode ser sometida a unha analítica normal.

12.- Pregunta que vai facer o equipo de goberno con farolas que non están na Gándara rogando un mantemento das farolas .

13.- Roga un plan de emerxencia para este Concello. Resposta a Alcaldesa que a marcha de poboación tamén ten que ver con xestións anteriores e ten motivación nun PXOM que deixou en maos privadas o polígono, di que moitos marcharon por non poder aperturar o negocio aquí que nin o Concello pode facer unha nave para a súa maquinaria, expón que alguén se interesou pola situación do polígono pero que e privado .

Di o concelleiro que a economía terma da poboación e roga que se elabore un plan de turismo.

A Alcaldesa dalle a palabra á concelleira do BNG D^a Raquel Val Vázquez que expón:

1.- Pregunta cando terán as contas de resultados da Residencia.

Resposta a Alcaldesa que fará unha reunión para dar ditas contas.

2.- Pregunta que se vai facer para a substitución da Fisioterapeuta.

Resposta a Alcaldesa que estudiaran xa que non se presentou nadie nas bases publicadas a cobertura por empresa privada do servizo.

3.- Roga sexan reparadas pingueiras por humidades na Residencia moitas por mal estado das fiestras.

Resposta a Alcaldesa que están con iso .

4.- Pregunta se a pala do Concello fixo traballos o domingo da ponte .

Resposta a Alcaldesa que así foi que foi necesario facer unha zanja en finca colindante coa residencia para evitar que entrase auga no sótano. Roga a concelleira que se mire para que non aconteza outra vez .

Pregunta a concelleira se como consecuencia da auga no sótano houbo perdas.

Resposta a Alcaldesa que non.

A concelleira pide unha solución inmediata para que non pase outra vez e recora da Alcaldesa que a finca colindante non e propiedade do Concello.

5.- Roga esta concelleira que nos próximos orzamentos exista unha dotación para as comisións de festas do Concello.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

A Alcaldesa dalle a palabra á concelleira do grupo municipal do PsdG-PSOE D^a Sandra Iñíguez que fai os seguintes rogos e preguntas:

1.- Pregunta sobre a motivación de corte de auga sen aviso as 11 da noite durante 8 horas causando un prexuízo enorme e trastorno sobre todo os negocios do Concello (panadería, hostelería...) pregunta tamén polo escrito de inspección da sanidade que ameaza os hosteleiros con peche de locais por non ter a auga cloro.

Resposta a Alcaldesa que o corte de auga a ditas horas foi necesario para poder recuperar xa que así se valorou por traballadores que están pendentes ata pola noite do funcionamento do servizo, di que non vai chamar as doce da noite os veciños e que era necesario recuperar auga e que era máis prexudicial o corte na mañá do días seguinte.

En relación coa falta de cloro di que a inspectora de sanidade que tomou mostras tiña mal o medidor o seu daba que non había e o noso que si e cando voltou estaba todo ben.

Pregunta a concelleira pola turbidez da auga.

Resposta a Alcaldesa que fixeron analíticas e todo ben sen problema para o consumo.

2.- Roga a concelleira que se resolva o apozamento de auga no camiño para o campo de fútbol cheo de follas.

Resposta a Alcaldesa que estiveron o día do temporal alí que hai carballos e a folla cae.

Di a concelleira que segue mal.

3.- Pregunta a concelleira pola reparación do lavadeiro de Andabao roga que se repare que segue en mal estado.

4.- Roga a concelleira subvención para o clube de atletismo di que pediron cartos o Concello e nada, roga axudas para outras entidades deportivas.

Di a Alcaldesa que se motiva a subvención ó Clube de fútbol como nominativa por estar en preferente , que ditas subvencións nominativas son fiscalizadas en Diputación , pero que terá en conta o rogo e non que poida axudará.

Roga a concelleira que se lles pague cheque Festival de la luz.

Resposta a Alcaldesa que será Luz Casal quen os entregará.

5.-Roga a concelleira que se explique como se mete no POS a obra da Gándara e non o outras máis importantes como saneamento no Pedral critica que non se pensen as obras e en concreto fai unha dura crítica da obra da Gándara incluída no POS 2018.

A Alcaldesa recorda que o Pedral vai a 400.00€ , di que non se pode meter calquera obra no POS que ten que cumprir uns requisitos explica que se pensou que a Gándara e camiño de Santiago e que dita obra e boa para todos os comerciantes, explica como aceras van a 1,80 e ante a proposta da concelleira de facer un carril único manifesta a Alcaldesa que ela non considera eso adecuado.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

A Alcaldesa dalle a palabra á concelleira do grupo municipal do PsdG-PSOE D^a Ana Ledo que fai as seguintes intervencións:

- 1.- Roga que se indique o número de habitantes do Concello así como se son sostibles os servizos prestados .Resposta a Alcaldesa que nun próximo pleno.
- 2.- Roga que os provedores do Festival cobren o que se lles debe .Di a Alcaldesa que o Concello outorgou 80.000€ que se pagarán cando se xustifique e se remitirá o expediente á fiscalización pola Deputación.Conclúe que o Concello non ten que ver con que se pague ou non os provedores.
- 3.-Pregunta en que situación está a empregada da residencia A. B.Resposta a Alcaldesa que está de baixa médica.
- 4.- Roga proxecto serio de futuro para o Concello activación do emprego, freno a perda de habitantes , activación da economía di que non poden quedar catro gatos pagando impostos para obras que non solucionan os problemas , e di que o resumo do ano e nada que destacar.Pregunta outra vez se son sostibles os servizos .

Ás 20: 47 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Boimorto, xoves 28 de decembro de 2017

A alcaldesa, MARIA JESUS NOVO GOMEZ	A secretaria, Rebeca Vázquez Vazquez
--	---